

Non se cumpre a lei do aborto en Galiza

Relatorio presentado por Javier Valdés Pons no X CONGRESO DA SOCIEDADE GALEGA DE CONTRACEPCIÓN. Realizado na DOMUS de A Coruña, os días 10 e 11 de novembro do 2023. O título do relatorio “O traballo dos COF galegos. Presentación ao Parlamento. Aborto en Galiza”.
Javier Valdés Pons, Xinecólogo MD PhD.

"OS XINECÓLOGOS NON CUMPRIMOS COA LEI". E o di un xinecólogo. Pero farei unha introdución desta frase .

Na esfera da saúde sexual e reprodutiva, hai catro momentos especiais de cambios. O primeiro, no ano 1975, onde se comezará a definir o que posteriormente serán os Centros de Planificación Familiar (COF) dende o MINISTERIO DE SANIDAD Y CONSUMO. Dende a súa SUBDIRECCIÓN GENERAL DE PROGRAMAS Y PROMOCIÓN DE LA SALUD prevese, na transición política da España, que nestes centros se realice a contracepción e o control da interrupción da xestación. Pensade no revolucionario do tema. Hai máis de 40 anos.

Xa no ano 1985, apróbase a Lei de despenalización do aborto, só nuns determinados supostos legais, pero isto xa é un importante avance, conquistado polo feminismo español. Un ano despois, esténdese por lei a atención sanitaria pública e gratuíta (pagada cos nosos impostos) a todos en España. E finalmente, no ano 2010, publícase a Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo (IVE), unha lei que mestura a interrupción voluntaria ata a semana 14 de xestación, cuns supostos se se superan estas semanas.

Aínda que todas estas leis tiveron grandes repercusións na sociedade española, e lembramos algunhas delas, modularon de maneira especial a medicina da planificación familiar.

Co repaso feito no tempo, tivemos preto de 48 anos para preparar os nosos servizos de xinecoloxía para a chegada do aborto voluntario. Catro décadas, onde as direccións do SERGAS galego seleccionaron colexiadamente xefas de servizo e de sección de xinecoloxía, e prestouse ensino a centos de especialistas galegos. Todo este tempo, para normalizar o ABORTO e conformar equipos médicos de acordo coa lei.

Pero hoxe, na realidade galega, o resultado final destas décadas foi outro. Non se realizan os abortos en tódolos centros públicos. Hai servizos de xinecoloxía, onde non se asume o aborto, noutros segundo as circunstancias, e só nuns poucos realizase todo o proceso do aborto voluntario. Sorprendente non.

Polo tanto, os xinecólogos galegos levamos 38 anos sen cumprir a lei. Moitas mulleres non poden abortar preto da casa, dentro da sanidade pública e elixindo a técnica máis adecuada en cada caso.

Dende hai máis de tres décadas, as xinecólogas e xinecólogos galegos non protexemos totalmente a saúde da nosa poboación, a saúde reprodutiva, o dereito a elixir se desexa ou non proseguir coa súa xestación, de ser atendida polo sistema público universal, e na súa cidade e con calquera das técnicas existentes.

Cómo se permite que un servizo de saúde xinecolóxica integral se poida desenvolver sen realizar o aborto? Cómo, nun hospital comarcal ou xeral onde se opera xinecolóxicamente, non se fan abortos? Cómo pode ser que centros privados concerten co SERGAS ligaduras de trompas e non realicen abortos? Cómo o SERGAS publica en prensa que os dous centros privados de abortos en Galicia non aceptan o seu presuposto público, sen ruborizarse? Cómo poden existir servizos de xinecoloxía públicos e privados que inclúen no seu traballo as técnicas de reprodución asistida humana, co risco de ter que realizar redución embrionaria en xestacións múltiples, e non realicen eles mesmos estas reducións?

O aborto é un dereito da muller, e en España, un dereito e unha obriga da sanidade pública.

Mentres tanto, dismantélanse os COF galegos que deberían realizar os abortos, e externalízase o seu traballo a dous centros privados. Esta anomalía é só debida aos intereses políticos galegos? É un problema das direccións médicas dos hospitais? Eu penso que si, pero tamén é culpa das xinecólogas e xinecólogos galegos, que permitimos ou escusamos a inxerencia política nas nosas obrigas, ou esgrimimos a obxección ao aborto, un traballo que forma parte da nosa profesión especializada.

Cándo perderemos os médicos e as usuarias a vergoña e denunciaremos esta iniquidade?

JAVIER VALDES PONS

Xinecólogo COF de Vigo. Presidente da Sociedade Galega de Contracepción.